

Guía de procedimientos e servizos

IN316A - Axudas para a rehabilitación con granito de fachadas.

Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 14/03/2015 - 13/06/2015.

Finalizará o 13 de xuño de 2015. No suposto de que se esgotase o crédito establecido na convocatoria, o órgano concédente acordará a inadmisión de solicitudes e publicará tal circunstancia no DOG e na páxina web da Consellería.

Prazo de resolución: Tres meses

Sentido do silencio administrativo: Negativo

Documentación

- Xunto coa solicitude deberase presentar copia dixitalizada, ou ben orixinal ou copia compulsada se se opta por presentar a solicitude en soporte papel, da seguinte documentación:
- A. Documentación xenérica:
 - a) DNI ou NIE do solicitante.

A persoa solicitante poderá autorizar, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No caso de que esta persoa non prestase o seu consentimento para a comprobación dos datos, deberá achegar a copia do documento de identidade correspondente.

- b) No caso de que o solicitante sexa unha comunidade de propietarios, achegarase, ademais:
 - Copia do NIF da comunidade de propietarios.
 - Copia da acta da xunta de propietarios onde conste o nomeamento do presidente ou certificado do secretario.
 - Copia da acta da xunta de propietarios aprobatoria da rehabilitación da fachada ou certificado do secretario.
 - Copia da acta da xunta de propietarios aprobatoria da solicitude da subvención ou certificado do secretario.
- c) Acreditación da titularidade do edificio ou vivenda mediante certificación do Rexistro da Propiedade, escritura pública de obra nova, escritura pública de compravenda, escritura pública de aceptación ou partición da herdanza, escritura pública de doazón e aceptación, ou sentenza xudicial, segundo corresponda.



- B. Documentación técnico-económica que deberá incluír o seguinte:
 - a) Memoria explicativa segundo o anexo III.
 - b) Cadro de gastos para os que solicita a subvención segundo o anexo IV, acompañado dos orzamentos ou facturas pro forma que xustifique os anteditos gastos.
 - c) Reportaxe fotográfica antes da rehabilitación.
 - d) Proxecto técnico visado polo órgano competente no caso de ser preceptivo.
 - e) Cando resulte de aplicación, segundo o indicado no punto 2 do artigo terceiro, copia das tres ofertas solicitadas e, en caso de non se optar pola máis vantaxosa, memoria xustificativa da diferente elección. No caso de non presentar as ofertas por concorrer algunha das circunstancias indicadas na citada base, deberá indicar o motivo.
- A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

No enderezo electrónico <https://sede.xunta.es/modelos-normalizados> a sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación desta orde no DOG e rematará cando se esgoten os fondos económicos consignados. En todo caso, finalizará aos tres meses do día seguinte da publicación da presente orde.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.es

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

SUBDIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS MINERAIS

SERVIZO DE XESTIÓN MINEIRA

San Caetano, s/n

15781

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfono: 981957092 / 981957259 Fax: 981545515

Email: cei.dxiem.axudasminas@xunta.es

Información web: <http://economiaeindustria.xunta.es>

Dende o resto do Estado: 902120012

Obxecto

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto fomentar a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes contribuíndo a embelecer o tecido construtivo galego cun material de fácil colocación e respectuoso co ambiente á vez que se mellora a eficiencia enerxética.

Actuacións subvencionables.

1. A actuación subvencionable será a rehabilitación con granito da envolvente das fachadas existentes de vivendas ou edificios de vivenda colectiva. Non se admitirán as solicitudes que consistan na realización de obras ou traballos de rehabilitacións parciais da fachada.
2. Os tipos de fachada ou envolventes térmicas subvencionables son fachadas pegadas de granito, fachadas trasventiladas de granito e fachadas de perpiaño, coas características seguintes:
 - a) Fachadas pegadas de granito: composta de placas de granito pegadas con morteiros ou adhesivos á estrutura soporte, e suxeitas con ancoraxes de varilla como elemento de seguridade.
 - b) Fachadas trasventiladas de granito: composta de placas de granito fixadas á estrutura soporte mediante un sistema de ancoraxe, existindo entre elas unha cámara de aire e un material illante.
 - c) Fachadas de perpiaño: composta de perpiaño de granito de espesor aproximado entre 6 e 12 cm, unha cámara de aire, un illamento e unha estrutura interior. As pezas de granito estarán unidas á estrutura interior mediante ancoraxes puntuais de seguridade.
3. A rehabilitación da fachada ten que cumprir ou mellorar as exixencias mínimas que fixa o Código técnico da edificación no documento «DB HE-1 Limitación da demanda enerxética».
4. A solución construtiva elixida ten que cumprir as especificacións da norma «UNE 22203. Construción de aplacados de fachada con pedra natural» en canto ao deseño e construción da fachada ou envolvente térmica.

Gastos subvencionables.

1. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade á data de xustificación establecida no artigo 16.

Consideraranse custos subvencionables aqueles gastos que se xeren e que sexan directamente imputables ás actuacións de rehabilitación de fachadas con granito, en concreto:

- Custos de memorias básicas, informes técnicos e certificados necesarios, ou proxectos de arquitectura ou enxeñaría na parte correspondente ás actuacións que se van subvencionar.
- Custos de licenzas.
- Custos de desmontaxe do material de fachada ou envolvente existente.
- Custos dos materiais: granito, morteiros e adhesivos, ancoraxes e sistemas de ancoraxe e o material illante.
- Custos de man de obra civil e instalacións auxiliares necesarias para a montaxe da nova envolvente de granito.

Custos non subvencionables:

- Os custos dos materiais da estrutura soporte da fachada.
- A substitución ou instalación das carpintarías exteriores (portas e fiestras) e vidros.
- Os gastos e custos financeiros, como consecuencia do investimento.
- Os gastos realizados en bens usados.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) subvencionarase cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

2. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse xunto coa solicitude, realizarase conforme os criterios de eficacia e economía e, no suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria en que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

3. Permítese a subcontratación total ou parcial, polo beneficiario das actuacións subvencionables, sempre que se axusten ás previsións dispostas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Beneficiarios

Os particulares ou as comunidades de propietarios, sempre que a actuación subvencionable descrita no artigo 2 se realice en vivendas illadas ou edificios de vivenda colectiva, sitos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Obrigas dos beneficiarios.

- a) Executar as actuacións que fundamenten a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

- c) Obter todos os permisos e licenzas que se requiran para o desenvolvemento dos traballos obxecto da axuda, así como cumprir cos requisitos establecidos nas normativas de aplicación, especificamente as relativas á marcaxe CE e á colocación.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que serán efectuadas polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento nas actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, os beneficiarios das axudas deberán facer constar o cofinanciamento con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria, mediante carteis coa lenda Proxecto cofinanciado, xunto co do escudo normalizado da Xunta de Galicia.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j) Se é o caso, non disolver a comunidade de propietarios ata que transcorra o prazo de prescrición establecido nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Requisitos

- Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas físicas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.
- En ningún caso o obxecto da subvención se destinará nin se adscribirá a ningunha actividade empresarial ou profesional.
- Os beneficiarios obríganse a facilitar canta información lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 6 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG nº 50 do 13 de marzo de 2015).



Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>